

**ALGUNHAS NOVAS CONTRIBUCIÓNS COROLÓXICAS PARA GALICIA
RECOLLIDAS NO LITORAL**

por
O. REQUEJO¹ & S. CORRAL²

REQUEJO, O. & CORRAL, S. 2018. Algunhas novas contribucións corolóxicas para Galicia recollidas no litoral. *Mykes* 21: 7-16.

Resumo

Descríbense cinco taxa de gran interese corolóxico para Galicia, todas elas recollidas en sistema dunar. Ademais apórtanse fotografías macro e micro das especies citadas.

Palabras clave: *Basidiomycota*, coroloxía, Galicia, Pontevedra.

REQUEJO, O. & CORRAL, S. 2018. Some new records for Galicia collected on the coastline. *Mykes* 21: 7-16.

Summary

Five taxa of great chorological interest for Galicia are described, all of which are collected in the dune system. In addition, macro and micro photographs of the mentioned species are contributed.

Keywords: *Basidiomycota*, chorology, Galicia, Pontevedra.

INTRODUCCIÓN

Tras unha serie de prospeccións nas zonas dunares do sur de Pontevedra, na comarca do Morrazo, atópanse unha serie de especies nunca antes recollidas para dita zona de estudo, nin en catálogos micoflorísticos dunares, nin para Galicia (MOLDES, 1996; MARCOTE, 2010; PANCORBO *et al.*, 2013; PANCORBO *et al.*, 2014; RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2016). Dada a relevancia das colleitas procédese a rexistralas no presente traballo.

¹San Xurxo, A Laxe 12b, E-36470, Salceda de Caselas; e-mail: oscarequejo@hotmail.com. Grupo Micolóxico Galego.

²Castelao, 17, E-36930, Bueu; e-mail: santjons@gmail.com. Agrupación Micolóxica Naturalista Liboreiro.

METODOLOXÍA

O estudo realizouse seguindo o proceso habitual en traballos con macromicetos. Tomáronse fotografías dos exemplares en fresco, así como notas deles e do seu hábitat e ecoloxía. Posteriormente o material foi deshidratado e etiquetado. Revisouse no laboratorio cun microscopio óptico a 400x e 1000x en inmersión. Os reactivos utilizados para as tincións foron vermello Congo en solución amoniacal e reactivo Melzer para comprobar a reacción amiloidea. Para hidratación utilizouse KOH ao 10 %. Na taxonomía seguiuuse o criterio da páxina INDEX FUNGORUM (*online*).

As *exsiccata* foron depositadas no herbario LOU-Fungi (Centro de Investigacións Forestais Ambientais de Lourizán, Pontevedra).

RESULTADOS E DISCUSIÓN

***Antrodia xantha* (Fr.) Ryvarden, *Norweg. J. Bot.*, 20: 8. 1973**

Material estudado: Pontevedra, Cangas do Morrazo, praia de Nerga, 29TNG1379, 20 m, sobre tronco caído de *Pinus pinaster*, 26-X-2017, S. Corral, LOU-Fungi 21035. [Fig. 1]

Frutificación resupinada ou efuso-reflexa, anual, ben fixada ao substrato, forma revestimentos irregulares de 2-5 (10) mm de espesor, chegando a abarcar varios centímetros sobre o soporte onde medra 20-30 cm. Marxe delgada e máis clara. Himenio formado por tubos de ata 10 mm de alto, dispostos en varias capas. Poros pequenos, irregulares, de angulosos a máis ou menos redondeados, de 5-7 por mm. de cor amarela xofre ou amarela abrancazada en tempo seco ou na madurez. Contexto, brando en fresco e quebradizo en tempo seco. Sabor amargo e cheiro moi agradable e aromático en fresco, recordando a *Melissa officinalis*. Basidios anchamente craviformes, de ata 13 x 5 μm , esporas allantoides de 4,3-5 x 1,2 μm . Sistema hifal dimítico, onde se observaron hifas debilmente amiloides.

Observacións: Os exemplares típicos coa chamativa cor amarela




Fig. 1. *Antrodia xantha* (Fr.) Ryvar den

e o cheiro tan aromático so doados de identificar *de visu*, as formas mais brancas poderíanse confundir con *Neoantrodia serialis* (Fr.) Audet de esporas maiores (BREITENBACH & KRÄNZLIN, 1986). Especie saprófita que frutifica sobre madeira morta e sen carapa de coníferas, principalmente sobre *Pinus* e *Larix*, ocasionalmente pode aparecer sobre *Abies* e *Picea* inda que tamén sobre *Populus* (BERNICCHIA, 2005). Produce unha podremia cúbica marrón sobre a madeira.

***Coprinus spadiceisporus* Bogart, *Mycotaxon*, 4(1): 245. 1976**

Material estudado: Pontevedra, Cangas do Morrazo, Aldán, praia de Area Brava, 29TNG1282, 10 m, en duna primaria, entre *Tortula ruralis*, 31-XII-2017, H. Rodríguez e S. Corral, LOU-Fungi 21033. [Fig. 2]

Pileo de 1-2 cm de diámetro x 1,5-3 cm de alto. De cilíndrico a ovoide, logo acampanado e finalmente estendese mantendo o ápice do sombreiro aplanado. Cutícula fibrilosa ornamentada con

escamas pequenas e irregulares, moi fráxiles, de cor branca inicialmente adquirindo logo tons rosados, na parte superior do sombreiro mantén unha unha calota en forma de estrela ata a súa delicuescencia. Láminas libres, apertadas, de cor branca inicialmente, logo rosadas e finalmente negras e delicuescentes. Pé de 2-5 x 0,4-0,8 cm. cilíndrico, ensanchándose progresivamente cara a base que é bulbosa. Superficie fibrilosa decorada por diminutas escamas concolores coa cutícula. Anel fráxil, libre, situado na parte baixa e de cor branco. Carne delgada, fráxil e de cor branca inicialmente, logo rosada e ao final vólvese negra semellando tinta. Cheiro e sabor non apreciados.

Esporas de (8)9-10,5(12) x 6-7 μm , de anchamente elipsoidais a mitriformes, poro xerminativo central. Basidios e queilocistidios non observados. Pelis formada por hifas mais menos paralelas, cilíndricas, co septo ben marcado e pseudofíbulas abundantes. Fíbulas ausentes.

Observacións: A delicuescencia do material estudado non permitiu observar nin os queilocistidios nin os basidios co característico contido refrixerante (TABARÉS & ROCABRUNA, 2002), non obstante as medidas e forma con tendencia mitriforme das esporas, permítenos separalo de especies próximas como *Coprinus comatus* (O.F. Müll.) Pers. ou *Xerocoprinus arenarius* (Pat.) Maire (ULJÉ, 2005; RUÍZ & FERNÁNDEZ, 2015). *Coprinus vosoustii* Pilát e outra especie similar, pero presenta un velo rudimentario e pouco visible no pé a modo de volva e esporas elípticas de 17-19 x 10-15 μm con poro xerminativo excéntrico en vista lateral (VILA, 1995). A recente especie, tamén recollida en sistemas dunares, *Coprinus littoralis* G. Moreno, Carlavilla, Heykoop, Manjón & A. Sánchez, distínguese tamén polo maior tamaño nas esporas, sendo de 13-20 x 8-12 μm , e o poro xerminativo pode observarse en ocasións lixeiramente excéntrico (MORENO *et al.*, 2016). *Coprinus roseistipitatus* Bogart, taxon americano, atopado sobre excrementos de cérvido, presenta cor branca rosada na parte alta do estipe e esporas de medidas semellantes, 9-11 x 5,5-6,5 μm , tamén con ensanchamento en vista lateral (BOGART, 1976). ULJÉ *et al.* (1998) suxiren a sinonimia




Fig. 2. *Coprinus spadiceisporus* Bogart, a) basidiomas, b) esporas.

de *C. spadiceisporus* con *C. roseistipitatus*, que mais tarde Ruíz & FERNÁNDEZ (2015) volven a propoñer, baseándose en secuencias obtidas de recoleccións propias de *C. spadiceisporus*, comparadas co *holotypus* de *C. roseistipitatus*. No noso material destacamos o pequeno tamaño, forma globosa do píleo e o calote en forma estrelada.

***Dacryobolus karstenii* (Bres.) Oberw. ex Parmasto, Consp. Syst. Cortic.: 98. 1968**

Material estudado: Pontevedra, Cangas do Morrazo, praia de Barra, 29TNG1279, 18 m, sobre tronco de *Pinus pinaster* caído, 12-II-2017, O. Requejo, LOU-Fungi 20964. [Fig. 3]

Fungo resupinado de cor pardo, ocre alaranxado ou crema, mais claro incluso branco nos extremos. Superficie lobulada con aspecto céreo e consistencia cartilaxinosa o que provoca que sexa fácil de separar do substrato de una peza. Esporas alantoides ou moi finamente fusiformes e curvadas de 6,2-5 x 1,5-



Fig. 4. *Entoloma dysthales* (Peck) Sacc. (LOU-Fungi 21036).

2 μm , con prominentes cistidios que superan os 300 μm e sobresaen ata 60 μm do himenio, inchan ao aplicar KOH.

Observacións: Relativamente doado identificalo en campo pola súa consistencia. *Dacryobolus phalloides*, nos cistidios non hinchán as paredes con KOH e as esporas teñen distintas medidas (MANJÓN *et al.*, 1984). Parece ser importante descompoñedora en bosques de *Pinus* provocando unha podremia de cor marrón moi intenso (BERNICCHIA & GORJÓN, 2010).

***Entoloma dysthales* (Peck) Sacc., Syll. fung., 9: 85. 1891**

Material estudado: Pontevedra, Cangas do Morrazo, praia de Barra, 29TNG1279, 36 m, baixo *Laurus nobilis* e *Quercus robur*, 24-II-2018, S. Corral e O. Requejo, LOU-Fungi 21036 [Fig. 4]. Bueu, Bon de Abaixo, 29TNG1584, 20 m, baixo *Laurus nobilis*, *Quercus robur* e *Salix atrocinerea*, 22-III-2018, Á. Monjas e S. Corral, LOU-Fungi 21039.

Píleo hasta 20 mm, inicialmente campanulado, finalmente convexo coa marxe estriada e lixeiramente encurvada, cor pardo



Fig. 5. *Leptosporomyces galzinii* (Bourdot) Jülich

agrisado, superficie fulixinosa. Láminas adnadas, lixeiramente apertadas sobre todo na madurez que se ven mais distantes en exemplares vellos, concolor co píleo, aresta flocosa. Estipe 10-50 x 2-3 mm, cilíndrico, concolor co resto do carpóforo e recuberto de fibras brancas que lle dan un aspecto aveludado. Esporas 15-17,5(20) x 7,5-8,7 μm , noduloso-angulosas, lixeiramente elípticas. Basidios tetraspóricos sen fíbula basal. Queilocistidios de 20-75 x 10-25 μm , de craviformes a subglobosos.

Observacións: As cores escuras en todo o basidioma e o aspecto aveludado fan deste taxon unha especie fácil de caracterizar, cos depósitos esporais rosas nas láminas descartaríase o xénero *Inocybe*. *Entoloma dysthaloides* Noordel. e similar pero ten as esporas mais pequenas (NOORDELOOS, 2004).

***Leptosporomyces galzinii* (Bourdot) Jülich, Willdenowia, Beih., 7: 192. 1972**

Material estudado: Pontevedra, Cangas do Morrazo, praia de Barra, 29TNG1279, 18 m, sobre corteza e tronco de *Pinus pinaster* caído, 12-II-2017, O. Requejo, LOU-Fungi 21037. [Fig. 5]

Frutificación resupinada. Himenio liso de cor branca ou amarelenta en zonas, escurecendo ao roce, marxe inconspicuo. Esporas elipsoides de 3-4 x 2 μm . Basidios craviformes de ata 15 x 4 μm . Sistema hifal monomítico, fibulado, algunhas hifas ornamentadas con incrustacións.

Observacións: Coincide correctamente coa descrición de BERNICCHIA & GORJÓN (2010). Moitas especies e xéneros con aspecto similar, polo que resulta imprescindible unha análise microscópica. A ausencia de rizomorfos, cores brancas, tamaño esporal e incrustacións nas hifas caracterizan a especie.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BERNICCHIA, A. 2005. *Polyporaceae s.l. Fungi Europaei vol. 10*. Alassio. Ed. Candusso.
- BERNICCHIA, A. & GORJÓN, S.P. 2010. *Corticaceae s.l. Fungi Europaei vol. 12*. Alassio. Ed. Candusso.

- BOGART, F. 1976. The genus *Coprinus* in Western North America, Part I: section *Coprinus*. *Mycotaxon*, 4(1): 233-275.
- BREITENBACH, J. & KRÄNZLIN, F. 1986. *Champignons de Suisse. Tome 2. Champignons sans lames. Hétérobasidiomycètes, Aphyllophorales, Gastéromycètes*. Lucerne. Ed. Mykologia.
- INDEX FUNGORUM (online). Bases de datos In www.indexfungorum.org [consultada 15-V-2018].
- MANJÓN, J.L., HJORTSTAM, K. & MORENO, G. 1984. *Dacryobolus phalloides* sp. nov. (Corticaceae). *Ann. Jard. Bot. Madrid*, 40(2): 297-301. [1983]
- MARCOTE, J.M.C. 2010. *Guía de cogomelos dunares do litoral atlántico galego*. Pontevedra. Ed. Cumio.
- MOLDES, J.J. 1996. *Macromicetos de las Zonas de Barra e Area de Meán (Cangas do Morrazo) in Premio Galicia de Micología (1983-1991)*: 79-97. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia.
- MORENO, G., CARLAVILLA, J.R., HEYKOOP, M., MANJÓN, J.L. & SÁNCHEZ, A. 2016. *Coprinus littoralis* G. Moreno, Carlavilla, Heykoop, Manjón, A. Sánchez, sp. nov. in Crous et al. 2016, *Fungal Planet description sheets. Persoonia*, 36: 424-425.
- NOORDELOOS, M.E. 2004. *Entoloma s.l. Fungi Europaei 5A*. Alassio. Ed. Candusso.
- PANCORBO, F., RIBES, M.A., CAMPOS, J.C., SÁNCHEZ, G., MATEO, J.F., ZAMORA, J.C., MERINO, D., TELLO, S., ILLESCAS, T., MÉRIDA, E., BECERRA, M., ROBLES, E. & PÉREZ-DE-GREGORIO, M.A. 2013. Estudio de la micobiota de los ecosistemas dunares de la Península Ibérica e Islas Baleares I. *Bol. Soc. Micol. Madrid*, 37: 175-201.
- PANCORBO, F., RIBES, M.A., CAMPOS, J.C., MATEO, J.F., MERINO, D., TELLO, S., ILLESCAS, T., BECERRA, M., ROBLES, E., PÉREZ-DE-GREGORIO, M.A., RUBIO CASAS, J.F., MORENO, J., RETAMINO, J., SÁNCHEZ, F., CUESTA, J., FIGUEROA, F. & VILA, J. 2014. Estudio de la micobiota de los ecosistemas dunares de la Península Ibérica e islas Baleares II. *Bol. Soc. Micol. Madrid*, 38: 183-213.
- RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. & CASTRO, M.L. 2016. *Micobiota galega, 1867-2015 (Ascomycota, Basidiomycota). Documento preliminar para a base de datos micolóxica galega micobotagalicia.mdb*. Ed. Grupo Micológico Galego. Disponible en: www.mykes.es/.../micobotagalicia18672015.pdf [Consultado: 15-V-2018].
- RUIZ MATEO, A. & FERNÁNDEZ SASIA, R. 2015. Introducción al estudio del género *Coprinus* s. st. en España. *Errotari*, 12: 52-79.
- TABARÉS, M. & ROCABRUNA, A. 2002. *Coprinus spadiceisporus* Bogart, en Cataluña. *Revista Catalana Micol.*, 24: 57-60.
- ULJÉ C.B., GENNARI, A., DOVERI, F., CACIALLI, G. & CAROTI, V. 1998. First report of *Coprinus spadiceisporus* in Europe. *Persoonia*, 16(4): 537-540.

- ULJÉ, C.B. 2005. *Coprinus* Pers. In Noordeloos M.E., Kuyper T.W. and Vellinga E.C. (Eds.) *Flora Agaricina Neerlandica*, Vol. 6. Rotterdam. Ed. A.A. Balkema.
- VILA, J. 1995. Aportación al conocimiento del género *Coprinus* pers. en Catalunya, I. Seis especies raras o interesantes. *Revista Catalana Micol.*, 18: 19-30.